

PLAN DIXITAL

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestruturas, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: C.P.I. Domingo Fontán

Situación: Portas (Pontevedra)

Enderezo: A Rapeira, nº 9

Código postal: 36658

Teléfono: 886 151 634

Fax: 886 151 633

E-Mail: cpi.domingo.fontan.portas@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidomingofontanportas/>

Tipo de centro Centro Público Integrado

Titularidade Consellería de Educación

O CPI Domingo Fontán depende da administración educativa e da administración local: O concello de Portas ocúpase de consignar as cantidades necesarias para a conservación, limpeza e vixilancia do centro; así como do subministro de alumeado e auga. O mantemento e conservación das instalacións, na actualidade, é una responsabilidade compartida entre o concello e o propio centro, pois a Consellería ven asignando ao centro, nos derradeiros exercicios, partidas orzamentarias extraordinarias con finalidade de atender ese capítulo de xeito compartido. O persoal de limpeza e o conserxe dependen tamén do Concello.

A Consellería de Educación ocúpase dos gastos de funcionamento así coma dos gastos dos servizos complementarios (transporte e comedor).

O persoal non docente (administrativo/a e persoal de cociña) así como o docente (mestres/as e profesores/as) dependen da administración autonómica.

NIVEIS DE ENSINO QUE ABARCA:

- Educación Infantil. 31 alumnos/as e 4 mestres/as.
- Educación Primaria. 150 alumnos/as e 20 mestres/as.
- Educación Secundaria Obrigatoria. 104 alumnos/as e 20 profesores/as.

INSTALACIÓNS:

O CPI Domingo Fontán ubícase no concello de Portas. Dentro do seu recinto atópanse catro edificacións, dúas pistas polideportivas e unha zona valada destinada a parque de recreo e xogo de infantil. Hai tres patios cubertos adosados á edificación principal.

En canto ás edificacións, tres son de planta baixa, unha utilizada como almacén para o comedor, outra (destinada inicialmente a vivenda do conserxe) e utilizada na actualidade como Aula de Apoio de Primaria e arquivo documental e na terceira atópanse uns vestiarios e o Local da ANPA. A cuarta edificación consta de dúas plantas e foi ampliada no ano 1.997 para poder acoller a ESO e dotar ao centro das dependencias necesarias para impartir este nivel educativo. A edificación ten cinco portas de entrada dende o exterior e seis polos patios cubertos.

O centro en sí consta das seguintes dependencias:

Na planta baixa:

Pola porta de entrada principal do C.P.I accedese a:

- Comedor Escolar.
- Cociña.
- Aulas de Primaria (6).
- Servizos e aseos de alumnado (2).
- Patio cubierto (2).
- Sala de profesorado da planta baixa.

- Aula de Música.
- Biblioteca.
- Aulas de Infantil (3).
- Escaleiras acceso a planta superior (3).
- Patio cuberto (3).
- Zona de Administración: Dirección, Secretaría.
- Zona Servizos e aseos de alumnado ESO e Profesorado, Arquivo, Sala de Caldeiras.
- Acceso a Ximnasio e vestiarios interiores.
- Aulas ESO (1) e Laboratorios: Informática, Ciencias e Audiovisuais.

No primeiro andar : (Accedese por tres escaleiras interiores e una exterior)

- Aulas de Primaria (3)
- Aulas Secundaria (7)
- Servizos e aseos alumnado de Primaria e Secundaria (2)
- Ascensor.
- Pasillo zona do profesorado polo que se accede a:
 - ✓ Sala de Profesores
 - ✓ Departamentos(5)
 - ✓ Aseos profesorado e persoas con mobilidade reducida.
 - ✓ Almacén de produtos de limpeza.
- Taller de Tecnoloxía/Plástica.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

O CPI Domingo Fontán está ubicado no Concello de Portas na provincia de Pontevedra.



Dito concello forma parte da comarca de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra. Ten 59 núcleos de poboación que se reparten entre as catro parroquias que o compoñen: Briallós, Lantaño, Portas e Romai, contando actualmente cunha poboación de 3.232 habitantes (dacordo cos datos do último padrón municipal).

Localizado no noroeste da provincia de Pontevedra, limita ao oeste cos municipios de Ribadumia e Meis; ao sur co de Barro; ao leste con Moraña e ao norte co Concello de Caldas de Reis e de Vilanova de Arousa.



O máis característico da morfoloxía do municipio son os numerosos e pequenos montes que se reparten por todo o territorio. A súa superficie é bastante cha, como amosan as altitudes máis elevadas: Rabuñable con 205 metros, Moraza con 186 e Cavada con 173 metros. Está enmarcado polo valle do Salnés e as serras prelitorais.

A rede hidrográfica do concello está formada por numerosos arrosios (o Loureiro, o Couto...) e polo Río Chaín, que lle leva as súas augas ao río Umia, límite físico polo norte cos Concellos de Caldas de Reis e Vilanova de Arousa.

A súa proximidade ao mar ten repercusións no clima do Concello, posto que a isto se debe a suavidade térmica, cunha media anual de 14,2 grados. Os ventos do suroeste fan que as precipitacións teñan lugar ao longo de todo o ano, cunha frecuencia máis ou menos regular excepto nos meses de verán.

Este término municipal ten un importante patrimonio arquitectónico, tanto en número como en relevancia histórico-artística.

Polo que respecta ás construcións civís debemos destacar os numerosos pazos que se reparten por todo o concello. Así, en Lantaño temos os pazos de Outeiro, o de Losada (do século XV), o de Torre Penelas que ten unha capela románica e unha torre do século XIV e o de San Bieito do século XVIII. Na parroquia de Portas están o de Peroxa e o de Souto de Poio. Outras edificacións de interés turístico son a Casa priorato de Briallos e a casa rectoral de Santa María de Portas. Polo que respecta á arquitectura rural hay que mencionar os hórreos e os palomares que se mezclan ca paisaxe.

Un centro educativo ten como finalidade que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización mellora a través da súa práctica e reflexión sobre ela, así como das relacións que establece co teu entorno.

O Plan Dixital do Centro debe encaixar nun contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos de xestión e organización do Centro, como o Proxecto Educativo do Centro, e ambos documentos deben ser totalmente coherentes e complementarios.

1.3. Breve xustificación do Plan Dixital.

Os centros educativos forman parte dun mundo en permanente cambio e dunha sociedade con un mercado laboral cada vez máis dixitalizado e, por iso, os centros educativos deben dar resposta a esas demandas e formar cidadáns do futuro coas habilidades necesarias para funcionar nun entorno dixitalizado. O emprego da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar na organización escolar, dende as relacionadas con cuestións organizativas ata as dos procesos de ensino e aprendizaxe, é agora ineludible.

A Educación é un recurso imprescindible para garantir a igualdade social, a promoción do individuo e, en xeral, a mellora das condicións de vida das comunidades e das persoas. A

Estratexia Europa 2020 reconece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais que, á súa vez, permitirán aproveitar as oportunidades.

Por outra banda, as organizacións educativas deben revisar as estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade de fomento da innovación, sacándolle o máximo proveito ás tecnoloxías da información e da comunicación e aos recursos educativos dixitais. No Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da L.O. 2/2006, de 3 de maio, de Educación, xa reflectía que os contornos virtuais de aprendizaxe que se utilicen nos centros educativos sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polo profesorado para acadar obxectivos específicos do currículo, debendo contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por este motivo, deberán permitir, respectando as normas de interoperabilidade, o acceso do alumnado, desde calquera lugar e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros educativos nos que curse estudos, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo, promoverán os principios de accesibilidade e deseño universal para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe.

O Plan Dixital xurde como consecuencia da aplicación da Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, a cal indica a necesidade de crear en cada centro un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación concretado nun Plan Dixital.

Co Plan Dixital do Centro, pretendemos:

- ✓ Avaliar a situación do centro educativo en relación co uso das TIC nos diferentes elementos clave, incluídos no Marco Europeo para as Organizacións Educativas Competentes Dixitalmente, para logo poder deseñar e emprender o proceso de transformación no centro.
- ✓ Recoñecer o Plan Dixital do Centro como un recurso fundamental para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.

- ✓ Transformar o centro educativo nunha organización de aprendizaxe, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- ✓ Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital neles.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (L.O.M.L.O.E.) establece entre as súas competencias clave a **competencia dixital**, consistente en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Para acadar entre o alumnado esta competencia faise imprescindible o avance das Tecnoloxías da Información e Comunicación no centro educativo facendo extensible esta introdución ao resto da comunidade educativa.

No noso centro apostamos por evolucionar cara a un currículo aberto introducindo as Tecnoloxías da Información e a Comunicación como recurso didáctico que mellore os accesos á aprendizaxe e á educación e posibiliten o acceso á información tanto para o profesorado como para o alumnado.

Buscamos elevar e reforzar as expectativas da comunidade na que desenvolvemos o noso labor. Temos alumnado de procedencia diversa, e consideramos que **as novas tecnoloxías son un medio que favorece a Atención á Diversidade**.

Para a realización deste proxecto será necesaria unha forte implicación do profesorado posto que supón asumir un papel activo, de traballo en equipo, de formación e de compromiso na mellora da comunicación e reforzo do alumnado.

Unha vez aprobado, este plan, formará parte do Proxecto Educativo do Centro é a Programación Xeral Anual, coas modificacións pertinentes co paso dos cursos académicos.

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital do Centro debe incluír as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou actuacións) que marcarán o plan de traballo do centro no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo,

a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implantación do Plan Dixital do Centro é clave, tanto pola visión global que desde a súa responsabilidade pode aportar (na fase de deseño), como pola capacidade de mobilizar recursos da organización e de xerar un liderado distribuído que permita o cambio segundo principios democráticos (na fase de implantación).

O Plan Dixital do Centro debe permitir á comunidade educativa:

- Comprender onde está actualmente.
- Visualizar onde quere que vaia o centro.
- Trazar o camiño que leva dun estado a outro.

Para realizar esta análise utilizamos a ferramenta SELFIE, organizando o información segundo os bloques ou áreas incluídas na memoria resultante da realización de esta autoavaliación:

- Liderado.
- Desenvolvemento profesional.
- Infraestruturas e equipamentos.
- Prácticas de ensino e aprendizaxe.
- Prácticas de avaliación.
- Competencia dixital do alumnado.

Grazas á fotografía do centro realizada a través da ferramenta SELFIE e do Test CDD, que nos proporcionan un informe de situación, estaríamos preparados para realizar a análise DAFO.

2. Situación de partida

2.1. Infraestruturas, equipamento e servizos dixitais

Nos últimos anos o profesorado do C.P.I. Domingo Fontán ven empregando, cada vez máis, as TIC para a realización de traballos docentes (exames, fichas, etc), para o traballo do alumnado, para o seguimento de titorías (notas no XADE, ABALAR), consultas de

información en Internet, o uso do correo electrónico, mantemento e prestamos da biblioteca (programa MEIGA), etc.

O centro dispón dunha plataforma (Moodle) que se utiliza como **aula virtual**. Esta plataforma serve de recurso de consulta para o profesorado. Tamén dispoñemos dun dominio propio de *Google Suite for Education*, ferramenta que se emprega seguindo un protocolo rigoroso que ten en conta o cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD).

A revista escolar xa ten, desde o curso 2018/19, un formato dixital.

As instalacións do centro e os sus recursos dixitais son os seguintes:

- **Aula informática**

Ten 25 ordenadores (un para o mestre e 24 para o alumnado) todos eles en rede e con acceso a Internet.

Tamén temos un canón proxector para desenvolver as diferentes sesións da aula. Cóntase, polo menos, cun ordenador para cada alumno, no caso dos grupos máis numerosos.

A aula dispón dun horario para a súa utilización polos distintos grupos, cada grupo ten asignada unha hora semanal. No resto das horas pode ser utilizada anotándose nunha folla de control.

Hai PC's demasiado antigos, que dan problemas moi a miúdo, conexión lenta e lentitude á hora de empregar software actual, que volven lenta cada unha das tarefas a desenvolver na aula. Aínda así consideramos que se poden desenvolver sesións de "alfabetización nas Tics" de xeito correcto.

Comezouse o curso con actividades de motivación, xa que tamén utilizamos o encerado dixital. Utilizouse como principal recurso o repositorio Abalar da Xunta. Ademais: O software básico, o constitúen as actividades dixitais que ofrecen as editoriais Anaya e Santillana, que proporcionan acceso a materiais didácticos interactivos, o procesador de textos (open office), webquest e actividades Clic e LIM realizadas por algúns mestres.

- **Dotación TIC nas aulas:**

Hai ordenadores en todas as aulas, **excepto na aula de 6º curso**, que estamos esperando a súa dixitalización total (pizarra dixital, ordenador portátil e canón proxector), pola inclusión o ano pasado no proxecto webs dinámicas da propia consellería.

Os ordenadores son os seguintes:

- Aula PT e AL: hai un ordenador de sobremesa para traballar de xeito individualizado co alumnado que precisa apoio.
- En Educación Infantil: Un ordenador de profesor e un ordenador de alumnado, unha pizarra dixital interactiva cun canón proxector portátil e un retroproxector dixital.
- Todas e cada una das aulas de educación primaria contan con ordenador, pizarra dixital e canón.
- Na aula de música e na aula de Inglés hai un ordenador portátil e un canón de video proxector.
- Nas aulas de 5º, 6º e 1º e 2º de ESO están repartidos os ultraportátiles das aulas ABALAR.
- Biblioteca: Hai oito ordenadores: un ordenador para a xestión da biblioteca a través do proxecto MEIGA, seis de uso xeral para alumnado e profesorado e un portátil conectado a un proxector e a un encerado dixital interactivo.

Todos os ordenadores teñen acceso a internet, rede wi-fi e acceso ao cartafol de documentos compartidos do profesorado do ordenador central.

▪ **Outros ordenadores e recursos:**

- Dependencias administrativas de secretaría e dirección: Hai cinco ordenadores con conexión a internet para a realización de todas as labores administrativas do centro e un ordenador conectado á fotocopiadora en cor, para uso do profesorado en xeral. A xestión do centro realízase a través do XADE.
- Titoría e Salas de mestres: hai catro computadores con coexión ás fotocopiadoras, disponibles para a realización de traballos docentes (exames, fichas, etc) seguimento de titorías, cubrir os boletíns de avaliación, consultar información en Internet., etc.
- Despacho de informática: ten tres ordenadores con internet e una impresora.
- Aula de AL: un ordenador de sobremesa.
- PT de ESO: un ordenador de sobremesa e una impresora.

- Sala da radio escolar: ordenador de sobremesa, mesa de mezclas e micrófonos do estudio.
- Laboratorio de CCNN, taller de plástica/tecnoloxía: un ordenador de sobremesa, proxector de video e impresora.
- No departamento de orientación existe un ordenador de sobremesa e una impresora, de uso exclusivo para este departamento.

Actualización e mantemento do software de uso común: En todos os ordenadores do centro, en función das súas prestacións, mantéñense as versións máis actualizadas dos programas habituais: Office, Winzip, Adobe, antivirus, etc.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

SELFIE (acrónimos que en inglés significan “autoreflexión sobre a aprendizaxe eficaz a través fomento da innovación mediante tecnoloxías educativas innovadoras”), é a ferramenta en liña gratuíta que ten como obxectivo axudar ás escolas a considerar como utilizar as tecnoloxías dixitais para conseguir unha aprendizaxe eficaz e innovadora.

SELFIE recolle, de forma anónima, as opinións do alumnado, profesorado e equipo directivo sobre como se emprega a tecnoloxía no centro. Para iso incorpora preguntas e declaracións breves e unha escala de valoración sinxela. As declaracións abarcan áreas como liderado, infraestruturas, formación do profesorado e competencias dixitais do alumnado. A partir desta información, a ferramenta xera un informe: a instantánea ("selfie") - dos puntos fortes e débiles da escola en relación co uso das tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.

O informe SELFIE ofrécenos información sobre fortalezas e debilidades do noso centro educativo en relación á dixitalización deste e sobre como esta dixitalización contribúe a mellorar a aprendizaxe do alumnado.

Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Áreas	Grupos	Ensinanzas
-------	--------	------------

		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Directivo	3.7	2.9
	Profesorado	3.2	2.9
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	4	2.9
	Profesorado	2.9	3.3
	Alumnado	3.3	2.5
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Directivo	3.4	2.9
	Profesorado	3.1	3
	Alumnado	3.3	2.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4	3
	Profesorado	3.1	3
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.9	3.3
	Profesorado	3.6	3.6
	Alumnado		3.6
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3.7	2.7
	Profesorado	3.6	3
	Alumnado	3.7	2.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3.7	2.5
	Profesorado	3.1	2.7
	Alumnado		2.4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.6	3.2
	Profesorado	3.1	2.9
	Alumnado	3.7	2.6

Contar co Test CDD supón un avance máis no proceso de Transformación Dixital Educativa, xa que senta as bases para establecer itinerarios formativos que permitan a mellora da competencia docente dixital e, sobre todo, favorece o coñecemento do marco de referencia adecuado para esta competencia.

Información recollida no informe grupal do Test CDD de centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>14</u>	<u>27</u>	<u>51,9%</u>
PROVISIONAL	<u>4</u>	<u>6</u>	<u>66,7%</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
DESPRAZADO	<u>3</u>	<u>6</u>	<u>50%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>76,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>55,9</u>	<u>Explorador (A2)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRIM	<u>70,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
ESO	<u>87</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>4%</u>
A2	<u>12</u>	<u>48%</u>
B1	<u>7</u>	<u>28%</u>
B2	<u>4</u>	<u>16%</u>
C1	<u>1</u>	<u>4%</u>
C2	<u>0</u>	<u>0%</u>
TOTAL	<u>25</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

DAFO é unha ferramenta de análise que estuda as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades).

Esta análise debe realizarse coa maior claridade e sinceridade posibles, expoñendo a realidade específica e actual do centro.

Algúns comentarios que xurdiron desta análise:

- Falta de infraestruturas tecnolóxicas.

- Diferenzas en canto á competencia dixital do profesorado e do alumnado.
- Reticencia dalgunha parte do profesorado a actualizar as metodoloxías.
- Actitude cara ao uso da tecnoloxía como medio de mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Amplio abano de desenvolvemento profesional no uso das tecnoloxías educativas.
- Traballo colaborativo a través das tecnoloxías para enriquecer o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A información obtida grazas ao autodiagnóstico realizado por SELFIE e os datos aportados polo tests CDD son clave para comprender a situación actual, e mesmo para identificar aspectos da competencia dixital organizativa dos que non nos decatáramos previamente. Dita información permitíranos tomar decisións orientadas á acción, moderando os esforzos e o cambio que implicaría cada actuación no plan global.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS/ EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • O centro utiliza habitualmente os servizos educativos dixitais corporativos. • O profesorado ten facilidades para traer os seus propios dispositivos dixitais. • O centro dispón de dominio propio o que abre o abano de posibilidades dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo dixital obsoleto. • Conexión a internet pouco fiable e lenta. • Limitación no espazo escolar en relación ao número de alumnado e etapas educativas. • Apoio técnico moi limitado, debido á escaseza de profesionais con coñecementos específicos e con pouca dispoñibilidade horaria para tal fin.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado dispón de tempo para dar retroalimentación ao seu alumnado, e para o desenvolvemento de material para a aprendizaxe dixital. • O profesorado ten facilidade para implicar ao alumnado en 	<ul style="list-style-type: none"> • Baixa participación en redes profesionais, e en programas de desenvolvemento profesional. • Pouca colaboración dentro do centro para o uso da tecnoloxía dixital. • Escasa colaboración con outros

	<p>tarefas dixitais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O profesorado emprega con seguridade as tecnoloxías para realizar as tarefas máis habituais. 	<p>centros e organizacións, especialmente nas primeiras etapas educativas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • centro non dispón dunha estratexía dixital unificada. • Falta de motivación ante a utilidade das actividades de DPC
PERSONAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • Existencia de cursos de formación voluntarios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Falta de formación específica na utilización de software educativo. • Pouca estabilidade do persoal non docente.
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Alta motivación ante as actividades dixitais. • Utiliza a tecnoloxía para tarefas escolares e fins de aprendizaxe fora do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Acceso limitado a unha conexión estable de internet. • Dedicación de tempo excesivo a tecnoloxía para o ocio. • Dificultades na utilización do software/aplicacións sen axuda. • Pouca información sobre como utilizar os dispositivos dixitais. • Escasa competencia para codificar e programar en relación ás novas tecnoloxías. • Pouca competencia para resolver problemas técnicos dos dispositivos dixitais.
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • O centro ten unha comunicación regular e ben organizada coas familias. • Utilización da aplicación abalarMobil para intercambio de información. 	<ul style="list-style-type: none"> • Baixa competencia dixital das familias.

	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> • Introducción da transversalidade da competencia dixital no currículo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escasa oferta de materias con contidos relacionados coa formación en software/aplicacións. • Presencia escasa de materias relacionadas coa codificación e programación dixital así como en resolución de problemas de dispositivos dixitais.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Existencia dun equipo TICs dentro do centro. • centro dá facilidades para que o profesorado poida traer os seus propios dispositivos dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non existe formación específica, nin disponibilidad horaria para os membros do equipo TICs. • Dificultade para xestionar que o alumnado poida traer os seus dispositivos dixitais garantindo a seguridade.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionar equipos dixitais actualizados. • Mellorar a conexión a internet no centro. • Facilitar apoio técnico dentro dos centros con dispoñibilidade horaria e formación específica. • Oferta máis adaptada as necesidades dos profesionais. • Software corporativo máis accesible e atractivo para a comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipos que non se axustan as necesidades dixitais actuais quedando inutilizados para o seu uso.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Ampliación das materias con coñecementos específicos ao longo de tódalas etapas 	<ul style="list-style-type: none"> • Deixar só na man da transversalidade a formación da competencia dixital do alumnado

	educativas.	pode levar a que existan grandes lagoas na adquisición de dita competencia por parte dos mesmos.
CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> Mellorar a conexión a internet nos domicilios e outras entidades públicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Ampliación da fenda dixital das familias.
ANPA	<ul style="list-style-type: none"> Mellorar a colaboración entre o centro e a ANPA. Oferta de actividades extraescolares que favorezan a competencia dixital dos alumnados. 	<ul style="list-style-type: none"> No caso de non fomentar a colaboración entre o ecentro e a ANPA, podería chegar a desaparecer.
OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> Creación e adaptación de espazos dixitais operativos. 	<ul style="list-style-type: none"> Escasa dipoñibilidade de espazos en relación

3. Plan de Acción

Definido o noso horizonte (a onde queremos que vaia o noso centro educativo) e analizada a situación inicial, é o momento de definir o Plan de Acción. Tanto o traballo de análise dos datos do informe SELFIE e do test CDD como o deseño do Plan de Acción levouse a cabo por unha “Comisión TIC” integrada polos membros do equipo directivo, o responsable dos medios dixitais do centro e demais membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias). Sempre que o traballo sexa o resultado da colaboración, o resultado final será un instrumento máis realista e viable e aceptable para toda a comunidade educativa.

3.1. **Obxectivos, indicadores e accións**

Analizada a información e identificadas as áreas de mellora, o deseño das actuacións do Plan implica a realización dos seguintes pasos:

1. **Fomular os obxectivos** que queremos acadar. Obxectivos que serán:

- **Específicos**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir entender exactamente o que hai que facer e como.
- **Medibles**. Deben responder a obxectivos cuantificables. Se o obxectivo non é medible non poderemos saber cando o conseguimos.
- **Realizables**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
- **Realistas**. Debemos marcarnos obxectivos que están dentro das nosas posibilidades (tanto polos recursos dispoñibles como pola motivación para logralos)
- **Definidos no tempo**. Isto facilitaranos a identificación das diferentes etapas e fitos que nos permitirá chegar a eles.

2. **Definir os indicadores que permitirán avaliar a consecución, ou non, dos obxectivos**. Os indicadores deben responder a escalas numéricas, e deben ir acompañados dun valor obxectivo ou meta que é o que nos marcamos segundo o obxectivo ao que se propoñan referencia.

3. **Definir as accións necesarias** para acadar os obxectivos. As accións incluirán:

- Os recursos (humanos, materiais e económicos) necesarios para levalos a cabo.
- O prazo de execución.

A continuación detállase a relación de obxectivos e de actuacións a implementar para acadar cada un dos obxectivos:

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área de mellora: A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado.						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO	Porcentaxe de profesorado que realiza as comunicación ás familias a través do sistema AbalarPro					
Valor de partida: (3)	0,00% de profesorado que realiza as comunicación ás familias a través do sistema AbalarPro					
Valor previsto e data: (4)	50,00% de profesorado que realiza as comunicación ás familias a través			Final de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un equipo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre o programa AbalarPro.	Equipo directivo.	14/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Fomentar a titorización entre iguais.	Profesorado do grupo de traballo.	22/12/22	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Usar o AbalarPro para envío de notificacións.	Profesorado	Fin de curso.	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Realizar unha enquisa ao profesorado.	Equipo directivo	Fin de curso.	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: C8 Dispositivos dixitais para aprendizaxe						
OBXECTIVO 1: (1)	Actualizar os dispositivos dixitais das aulas				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a das TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO	Porcentaxe de equipos actualizados					
Valor de partida: (3)	5,00%de equipos actualizados					
Valor previsto e data: (4)	50,00% de equipos actualizados			Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar un inventario dos equipos.	Coordinador/a das TICs, Secretario do centro.	30/11/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Analizar as características de cada equipo e determinar as necesidades.	Coordinador/a das TICs.	30/11/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Reacondicionar os equipos e reemplazar os máis obsoletos.	Coordinador/a TICs Secretario.	Fin de curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Anotar nunha folla de rexistro os equipos	Coordinador/a TICs	Fin de curso			Realizada	
					Aprazada	

actualizados e as súas características	Secretario do centro.				Pendente
--	-----------------------	--	--	--	----------

Área1 de mellora: C.13 Traer o propio dispositivo ao centro.

OBXECTIVO 1: (1)	Regular o uso dos dispositivos propios no centro.	Acadado
Responsable:	Coordinador TICs	Non acadado
INDICADOR/ES DO	Realizar un protocolo de uso dos dispositivos propios	
Valor de partida: (3)	Non existencia	
Valor previsto e data: (4)	Crear 1 protocolo para regular o uso dos dispositivos propios e	Final de curso

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Crear un equipo de traballo que se encargue de redactar o protocolo.	Coordinador TICs	Inicio de curso	Acta.	Creación de acta.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Anlise das necesidades de uso de dispositivos propios.	Equipo de traballo.	Un trimestre.	Enquisa.	Resultados da enquisa.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Crear infografía	Equipo de traballo.	Segundo trimestre.	Datos recollidos.	Publicación dos datos.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.4: Elaborar un protocolo e publicación na páxina web.	Equipo de traballo.	Terceiro trimestre.	Datos recollidos. Opinión do Claustro.	Publicación do protocolo.	Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área de mellora: D3 Intercambio de experiencias						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover a colaboración dentro do centro entre o profesorado para o uso da tecnoloxía dixital				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO	Número de experiencias e recursos intercambiados					
Valor de partida: (3)	0 intercambios de experiencias e recursos na AV					
Valor previsto e data: (4)	10 intercambios de experiencias e recursos na AV			Final de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un curso na aula virtual para clasificar e intercambiar experiencias e recursos dixitais dentro do centro.	Equipo directivo.	Fin de curso.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Organizar intercambios de experiencias entre o profesorado do centro	Equipo directivo.	Fin de curso.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.1: Rexistrar as experiencias e recursos compartidos	Equipo directivo.	Fin de curso.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: E3 Empleo de contornas virtuais de aprendizaxe						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover o uso da aula virtual do centro por parte do profesorado				Acadado	
Responsable:	Coordinador TICs				Non acadado	

INDICADOR/ES DO	Número promedio de actividades que se realizan por medio da aula virtual do centro.					
Valor de partida: (3)	4 actividades de promedio por profesor/a que se realicen a través de a aula virtual					
Valor previsto e data: (4)	8 actividades de promedio por profesor/a que se realicen a través de a			Final de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e ao alumnado.	Coordinador TICs	01/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro.	Profesorado das materia.	31/03/23	Actividades creadas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar unha enquisa ao profesorado.	Coordinador TICs	30/06/23	Actividades publicadas na aula virtual.		Realizada	

Área de mellora: G1 Avaliación das capacidades						
OBXECTIVO 1: (1)	Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle (ESO)				Acadado	
Responsable:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Porcentaxe de curso nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle.					

Valor de partida: (3)	5% de cursos na aula virtual					
Valor previsto e data: (4)	50% de cursos na aula virtual			22/12/22		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través dun PFPP.	Dirección	30/09/22	Convocatoria PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións	Profesorado das diferentes materias.	15/10/2022	Aula virtual do centro. Cursos de cada materia participante e criterios de cualificacións de cada materia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Incluír tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de	Profesorado das diferentes materias.	22/12/22	Aula virtual do centro. Actividades das materias.		Realizada	
AO1.4: Cualificar tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións	Profesorado das diferentes materias.	Fin de curso	Aula virtual do centro e actividades creadas.		Realizada	
AO1.5: Crear e pasar unha enquisa ao profesorado	Xefatura de Estudos	Fin de curso	Enquisa			

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A infraestrutura tecnolóxica debe definirse de forma coherente co marco a pedagogía e o proxecto educativo do centro, e só esta subordinación da tecnoloxía á pedagogía garante unha integración sostible que favoreza a aprendizaxe. Poderíamos distinguir os seguintes aspectos da infraestrutura tecnolóxica:

3.2.1. Conectividade do centro (interna e externa).

- ✓ Sería preciso mellorar a conectividade sen fíos posibilitando a cobertura estable en todo o recinto educativo ou, como mínimo en todas as edificacións.
- ✓ Mudar a configuración das IPs que se empregan no centro, pasando de estáticas a dinámicas. Isto é importante, pois facilitaría a conectividade de algún equipo ou instalación (estación meteorolóxica,...) que non é posible conectar á rede co devandito protocolo.

3.2.2. Equipamento tecnolóxico asociado á aula.

- ✓ Aulas dixitalizadas (incluíndo laboratorio, música, tecnoloxía/plástica,...) : Unificar o equipamento das aulas, que pode ser en función da etapa educativa (*). Que todas as aulas teñan equipos das mesmas especificacións e configuración. Isto permitiría simplificar a formación do profesorado usuario e que as rotacións de aula non supoñan un atraco engadido na súa tarefa docente.

(*). Para a unificación de equipamento podería ser suficiente a unificación por etapa, que ademais permitiría establecer configuracións de equipos adecuadas as diferentes necesidades que caractericen a etapa (equipos de infantil, primaria e ESO).

- ✓ Actualizar os equipos da aula de informática (25) para que resposten ás necesidades de uso que se lles está a requerir desde departamentos como o de debuxo, tecnoloxía, matemáticas,....

3.2.3. Equipamento tecnolóxico para o profesorado.

- ✓ Incrementar o número de postos de traballo nas dúas salas de profesorado, pasando dos dous postos actuais a cinco.

- ✓ Unificar os equipos do despacho de informática e procurar a súa conectividade cos recursos de reprografía do centro. (a redución do número de impresoras que hai en diferentes espazos debe ser unha forma de reducir custos e facilitar a xestión dos recursos).

3.2.4. Equipamento para o alumnado.

- ✓ Dotar ao centro de equipos ultraportátiles suficientes para configurar dúas aulas móbiles (unha para Educación primaria e outra para ESO)
- ✓ Crear en cada unha das aulas de infantil un recanto de informática, no que se ubiquen catro ultraportátiles que, en modo tablet, teñan unha configuración axeitada aos requerimentos desta etapa educativa.
- ✓ Establecer unha dotación de alumnado que asiste, en momentos concretos, ás aulas de PT ou AL. Podría consistir en dous ultraportátiles en cada unha de elas, un nunha primeira fase podería ser suficiente.

3.2.5. Equipamento xeral do centro que garanta unha xestión rápida e sinxela doutros procesos como matrícula, actas, informes, cartas ás familias, titorías, ausencias de asistencia ou comunicación coas administracións.

- ✓ Cinco postos de traballo de xestión e administración do centro. Equipos que, coas melloras precisas, compartirían as aplicacións e documentos precisos para facilitar o traballo en equipo que supón a tarefa de xestión do centro.

[Recomendacións para este apartado] Indicar:

*Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso **establecer en cada caso a finalidade** para a que se precisan ditas melloras.*

Ter presente na redacción deste apartado as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Deseñaranse unha serie de descritores cara aos que o centro debe aspirar para chegar a excelencia na integración das tecnoloxías dixitais nas dimensións organizativas, pedagóxicas e tecnolóxicas. Asígnouse a cada un dos descritores unha pregunta específica aínda que é certo que, sendo as áreas de competencia dixital comprensivas e transversais, algunhas delas poderían responder preguntas doutros elementos.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e promover a uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto procesos de xestión do centro, sempre co fin último de colaborar no desenvolvemento alumnado integral. Para tal fin presentárese o Plan Dixital ao Claustro e Consello Escolar para a súa aprobación e posterior difusión entre o alumnado.

Ademais, é fundamental dotar ao Plan Dixital dun foco central no uso dos recursos ferramentas didácticas dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, para convertécese nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dá coherencia e orienta o uso das tecnoloxías.

Para fomentar a implicación da comunidade educativa difundiremos e publicaremos o Plan Dixital a través da páxina web do centro e anexarémolo aos documentos do mesmo.